



CASA DAS GRALLAS SERRA DA URDIÑEIRA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta a pé), 13 km en coche

Dificultade: media

Duración: 4 horas



Cova das Choias ou Casa das Grallas

Nos cumes da serra da Urdiñeira, a cabalo da raia que delimita os concellos de A Gudiña e Riós, atópase unha paisaxe singular, unha parede vertical de cuarcitas e xistos, materiais de dureza e consistencia diferente, nos que os séculos de erosión, deron lugar a curiosas formas e algúns agochos entre os que destaca pola súa estrutura e situación a coñecida como Covas das Choias ou Casa das Grallas, unha cavidade que se abre en varios arcos cara ao leste e desde a que podemos gozar de fermosas panorámicas.

PERCORRIDO

O acceso máis doado, e máis curto, parte do lugar de A Pedrosa, da parroquia de Trasaestrada do concello de Riós. Para chegar cóllese unha estrada sinalizada, en As Vendas da Barreira. Un pouco antes de chegar ao lugar de A Pedrosa atopamos un desvío á esquerda cun indicador: A Pedrosa 1,3 km, que non collemos, logo, cando estamos a pasar pola parte de arriba do lugar, sí collemos unha pista de terra á dereita ata chegar a onde se bifurca. Aquí temos as dúas opcións: seguir pola esquerda en coche, algo máis de 6 km (case 13 ida e volta), con varios cruzamentos nos que temos que seguir sempre a pista máis traballada e a que, pola orientación, nos conduza cara a liña de cumes; ou pola dereita, uns 8 km ida e volta, que se pode facer parte en coche, ata o punto onde a pista empalma noutra e comeza o cortalumes (uns 2 km), e seguir logo polo cortalumes (1,5 km) que nos leva, sen perda, ao pé dos lugares de interese, e o resto son os curtos tramos que hai que poercorrer para ver a cova e a lobeira e volver polo mesmo camiño.





Nesta serra atopáronse restos arqueolóxicos de grande interese entre os que destaca o coñecido como Tesouro da Urdiñeira, descuberto en 1926, formado por dous brazaletes de ouro e un disco de bronce que se conservan nos museos de Lugo e Ourense. Contan na zona que nas covas viviron os mouros que hai un tesouro na Fraga, un camiño soterrado ate o castro da Pedrosa e varios encantos (unha Moura que se peitea, un grandísimo culebrón...). Tamén din que se atopou un coitelo de ouro.



Outra buraca na Urdiñeira



"Lobeira", foxo dunha trampa para cazar lobos.



Cume da Urdiñeira (1.146 m)



Veiga de Nostre desde A Urdiñeira